

**BREVE REFLEXIÓN  
HISTÓRICA SOBRE O CAMBIO  
INDUCIDO POR CONTACTO  
CASTELANIZANTE EN GALEGO**

**Ramón Mariño Paz**

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela



## 1. CREACIÓN E DIFUSIÓN DAS INNOVACIÓNS LINGÜÍSTICAS

No ámbito dos estudos sobre o cambio lingüístico é doutrina hoxe asentada que nestes procesos se debe distinguir a fase de creación da innovación da fase da súa difusión. Non se pode falar propiamente de cambio lingüístico se a aparición dunha nova variante para a expresión dunha determinada variable non vai acompañada dunha expansión suficientemente grande dela tanto no conxunto do sistema lingüístico que debe integrala coma no seo da sociedade en que o proceso transformatorio se pon en marcha. En efecto, para que unha innovación sexa algo máis ca unha ocorrencia momentánea ou unha moda pasaxeira cómpre, se se trata dunha innovación fonética, morfolóxica ou sintáctica, que se estenda á maior parte das unidades lingüísticas que son susceptibles de asimilala, pero tamén é necesario que, a partir do individuo ou do grupo en que se orixinou, se propague a un certo número de variedades diatópicas, diastráticas e diafásicas da lingua en que apareceu.

Creo que datan de finais do século XVIII as máis antigas noticias que temos sobre a penetración en galego de castelanismos léxicos que contiñan a consoante fricativa velar xorda. En 1794 o padre Sobreira (1974: 223) fixo una anotación na que daba a entender que isto era o que acontecía daquela no galego que se falaba en Ourense e Ribadavia, pois dicía que esa lingua se caracterizaba por «no tener la letra J, que aunque la pronuncian algunas veces, es por remedar o imitar el castellano». O certo é que nos textos en galego escritos e publicados poucos anos despois, nos principios do século XIX, estes préstamos aparecen xa con notable frecuencia: *angel, colegio, General, Magestad, majadera, ojalá, Paisanage, religion, Sargento...* (cf. Mariño Paz 2003: 71-77). Como consecuencia da aceptación e da difusión deste tipo de préstamos, hoxe en día /x/ é unha consoante presente no inventario fonolóxico de diversas variedades populares de galego, nas que se usa non só en voces tomadas do castelán, senón tamén en préstamos que

proveñen doutros idiomas pero que ao noso chegaron coa mediación do castelán, como *hippy* (/ˈxipi/). Nas variedades con gheada faringal, laringal ou uvular, xorda ou sonora, este tipo de articulación, propio sobre todo de comunidades rurais, adoita darse tamén con estes préstamos (cf. Dubert García 1999: 48-61). No estándar configurado e socializado a partir de 1982 non teñen cabida estes castelanismos, ao paso que estranxeirismos coma o mencionado se adaptan con /h/ (*hippy* /ˈhipi/). Pois ben, hoxe en día os falantes máis expostos á atracción do estándar (os máis novos, con máis estudos, os máis urbanos) procuran acomodar este tipo de préstamos incorporándolles /ʃ/ (*colexio*, *relixión*...), pero esta acomodación non se practica cos estranxeirismos nin con algunhas outras unidades (*hippy* [ˈxipi], *pijo*) (cf. Dubert García 1999: 56-57). Haberá que ver, por tanto, se a innovación /x/ > /ʃ/ coñece un proceso de difusión léxica que a leve a todas as palabras que poderían incorporala, e tamén haberá que ver se, a partir dese núcleo de falantes actualmente máis proclives a ela, consegue expandirse ata outras variedades diastráticas e incluso ás variedades diafásicas propias da informalidade.

Por tanto, se cada cambio lingüístico é un proceso en que debe distinguirse a fase da creación da innovación da fase da súa difusión sistémica e social, é obvio que nunha reflexión histórica sobre a mudanza inducida por influencia castelanizante en galego cumprirá distinguir entre a influencia castelanizante na fase de creación da innovación e a influencia castelanizante na fase da súa difusión, coa pertinente distinción entre cada unha das tres grandes etapas do percurso histórico do noso idioma. Canto á creación de innovacións inducidas por este motivo, haberá que falar da identidade, do tamaño e da relevancia social dos grupos en que se deu e se dá o contacto entre galego e castelán na Idade Media, na Idade Moderna e na Idade Contemporánea, xa que é destes grupos de onde necesariamente tiña e ten que emanar este tipo de innovacións. Polo que ten que ver coa súa expansión social, deberemos cavilar sobre os medios de difusión dispoñibles e sobre a súa potencia difusora no galego medieval, no galego medio e no galego contemporáneo.

Para o tocante á difusión sistémica coido que podemos apelar ao chamado «principio de uniformidade», básico para todas as ciencias históricas, segundo o cal «knowledge of processes that operated in the past can be inferred by observing ongoing processes in the present» (Christy 1983: ix). En lingüística histórica isto implica que todo o que nas últimas décadas fomos aprendendo a partir do

estudo de mudanzas lingüísticas en marcha pode e debe axudarnos cando o que nos propoñemos é estudar os cambios que se produciron no pasado. Pois ben, se é lóxico supoñer que as posibilidades de crear innovacións castelanizantes e de espallalas socialmente foron aumentando conforme foron agrandando os grupos de individuos galegofalantes con contacto asiduo co castelán, non o é, polo contrario, presumir que as formas de se difundir unha innovación castelanizante polo sistema lingüístico mudasen co transcurso dos séculos que nos separan da Idade Media. E non o é, ao meu modo de ver, porque, mentres que a creación e a expansión dos castelanismos a distintas variedades diatópicas, diastráticas e diafásicas son procesos que teñen unha incuestionable dimensión social, a difusión dunha innovación fonética, morfolóxica ou sintáctica polo léxico ou polas distintas estruturas susceptibles de recibila ten un carácter estritamente sistémico que non parece que poida ser afectado polas mudanzas sociais. Por este motivo, nas páxinas que seguen falarei exclusivamente sobre a creación e a difusión social dos castelanismos e deixarei a un lado as cuestións relativas á súa difusión sistémica.

## 2. AS FONTES DE ESTUDO

Contamos con fontes de estudo que nos permitan facer isto con toda a profundidade desexable en cada unha das tres fases históricas do idioma galego? Certamente, non. As fontes de estudo de que dispoñemos para o galego medieval, para o galego medio e mesmo para o galego do século XIX e de parte do XX non nos permiten facer reconstrucións integrais dos distintos estados de variación que no pasado se foron dando, e canto máis recuamos no tempo máis incompleto é o noso coñecemento dos escenarios lingüísticos e sociolingüísticos que en cada época se constituíron. Na realidade, só dunhas décadas para acó podemos facer estudos en profundidade sobre as mudanzas inducidas por contacto co castelán ou sobre as mudanzas orixinadas por calquera outro tipo de motivación, xa que só neste período máis próximo a nós poderemos poñer ao noso servizo ferramentas de análise que nos proporcionen información pormenorizada sobre as distintas variedades do galego oral e do galego escrito, sobre o contexto sociolingüístico en que tales variedades se usaron e se usan, sobre os perfís biográficos das persoas que as empregaron ou empregan ou sobre as opinións ou actitudes que poden ou puideron mover esas persoas a usalas ou a non as usar.

En efecto, para analizar o galego medieval e o galego medio só nos podemos valer de fontes escritas, e non de todas as fontes escritas que nesas épocas se produciron, senón só daquelas que finalmente se conservaron. Obviamente, as razóns que propiciaron a supervivencia dunhas e favoreceron a desaparición ou destrución doutras nada tiveron que ver coas necesidades de conformar corpus suficientemente representativos que no día de hoxe temos os lingüistas históricos. Por outra parte, cómpre reparar en que os textos escritos antes do século XIX son obra de individuos pertencentes á ínfima minoría letrada en que durante todo aquel tempo se concentraron as capacidades para ler e escribir, o que no caso de Galicia quere dicir que os testemuños de que dispoñemos para o estudo do galego medieval e do galego medio foron producidos polas persoas que máis contacto tiñan entón co castelán, mentres que da gran maioría galegófona, analfabeta e sen contactos ou só con contactos ocasionais co castelán, non nos queda rexistro directo ningún que nos puidese informar sobre a lingua que os seus integrantes falaban todos os días. Para os Séculos Escuros a grande escaseza dos textos en galego que entón se escribiron e que chegaron a nós compénsase cun importante enriquecemento tipolóxico (cartas privadas, obras lexicográficas adornadas con apuntamentos valiosos...); non é pouco, desde logo, mais non por iso deixamos de estar deficientemente informados acerca do alcance que entón tería o préstamo castelanizante e, en xeral, acerca do estado de variación que daquela se daría no idioma galego.

Para o estudo do galego contemporáneo contamos con fontes de estudo moito máis numerosas e variadas. Desde as primeiras décadas do século XIX o pre-galeguismo e o galeguismo promoveron a escritura e a publicación de textos en galego cada vez máis diversos e abundantes, así como de gramáticas, dicionarios e outras fontes metalingüísticas que conteñen informacións preciosas para o investigador. Os rexistros de testemuños da lingua oral só chegarían no século XX, mais cómpre considerar que, aínda que a radio chegou a Galicia entre finais dos anos vinte e principios dos trinta e a televisión algo máis de dúas décadas despois, durante moito tempo o idioma galego non se empregou nas súas emisións. Non debemos esquecer, finalmente, que a incorporación dos estudos sobre o galego á Universidade de Santiago de Compostela durante os anos sesenta supuxo o inicio dun laborioso ciclo histórico en que se elaboraron múltiples materiais que achegan información abundante e valiosa para o coñecemento da traxectoria da nosa lingua desde hai uns cincuenta anos ata hoxe.

### 3. O CAMBIO INDUCIDO POR CONTACTO CASTELANIZANTE NO GALEGO MEDIEVAL (CA. SÉCULO IX-SÉCULO XV)<sup>1</sup>

Sobre a base da antiga «cultura castrexa», os conventos romanos bracarense, lucense e asturicense, a provincia romana da Gallaecia, o reino suevo e a monarquía ástur-galaica da Alta Idade Media constituíron experiencias históricas que con certeza contribuíron a reforzar e definir a vella singularidade etnográfica do noroeste ibérico. Neste contexto plurisecular, o galego abrollou como un romance madurado vagarosamente nun territorio que durante moito tempo se manifestou como social e demograficamente estable, aínda que non sen contactos frecuentes con xermanos, árabes, sirios, bérberes, francos ou hispanos de diversa orixe. Do século IX en diante o reino de Galicia coñeceu etapas de gran relevancia política, mais foi quedando cada vez máis distante dos territorios ibéricos centrais e meridionais en que se ía situando a vangarda da «Reconquista», nos cales se produciron os procesos de encontro e mestizaxe de usuarios de distintas variedades lingüísticas de que falou Penny (2004). Se neses escenarios os contactos entre falantes de diversas variedades do romance e doutras linguas tiveron que suscitar mudanzas numerosas e máis ou menos rápidas, nunha terra coma a nosa, con movementos demográficos sensiblemente menores, a exposición do romance propio aos cambios estimulados por contacto lingüístico tivo que ser tamén sensiblemente menor.

Nos séculos XIII, XIV e XV a definitiva integración do reino de Galicia na coroa de Castela, que data de 1230, soamente trouxo á nosa terra certas elites gobernantes foráneas que, acompañadas dos seus séquitos pero fundamentalmente desconectadas da gran masa da poboación galegofalante, exercerían un frouxísimo impacto castelanizante sobre a lingua oral da gran maioría dos galegos da época. Nestas condicións, os círculos sociais en que se dese o bilingüismo galego-castelán terían dimensións moi reducidas, de modo que serían escasas as persoas en disposición de crearen en galego innovacións inducidas por contacto co castelán. Así mesmo, debían de ser extremadamente remotas as posibilidades de que estas innovacións se propagasen ata a actividade lingüística do pobo común, posto que os contactos deste coas elites foráneas ou cos estamentos galegos

<sup>1</sup> As reflexións sobre a influencia castelanizante en cada etapa histórica considerada baséanse nos datos expostos en Mariño Paz (1998, 2008). Véxase tamén a obra de Monteagudo (1999).

máis próximos a esas elites serían raros e incapaces de provocar propagacións de certa magnitude. Os castelanismos, por tanto, debían de circular sobre todo nas variedades diastráticas da nobreza galega con relación máis asidua con persoas castelanfalantes, pero é obvio que os poucos galegos da época capaces de escribir vivirían precisamente en conexión máis ou menos íntima con estes grupos.

Desde esta perspectiva, parece prudente non considerar os castelanismos visibles nos nosos textos medievais como formas necesariamente usadas daquela con regularidade por grandes continxentes de individuos galegofalantes. Polo contrario, esas formas deberán ser contempladas soamente como variantes propias da actividade lingüística dos seus responsables ou dos reducidos grupos sociais en que estes responsables se integraban. Creo que é así como debemos vulgar os castelanismos (*ayer, el niño, gela, ya...*) do manuscrito 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid (cf. Lorenzo 1975/1977: vol. I, p. xxxi), do que ademais non debemos esquecer que, como outros textos medievais en prosa (*Geral Estoria, Historia Troiana, Crónica Troiana...*), é unha obra traducida desde o castelán en que a fonte puido inducir a práctica de traducións desacertadas. Sobre os castelanismos do galego dun poeta foráneo como Afonso X o Sabio xa alertou hai moito tempo Rodríguez (1983) e sobre os castelanismos visibles nas lendas das miniaturas dos códices T e F das *Cantigas de Santa María*, probablemente rotuladas en Sevilla entre 1280 e 1284 por unha ou varias persoas non demasiado competentes na nosa lingua, falamos Montero Santalha (2000) e eu mesmo (cf. Mariño Paz, no prelo). Os castelanismos léxicos, fonéticos, morfolóxicos e sintácticos dos documentos notariais, especialmente abundantes nos máis tardíos (cf. Maia 1986: 897-905), deberanse imputar exclusivamente á responsabilidade dos seus autores, que durante a segunda metade do século xv e os principios do xvi estaban plenamente inmersos xa nunha dinámica de substitución do galego polo castelán no exercicio da súa profesión.

#### **4. O CAMBIO INDUCIDO POR CONTACTO CASTELANIZANTE NO GALEGO MEDIO (SÉCULOS XVI-XVIII)**

No ámbito da monarquía absoluta que se foi configurando aproximadamente entre 1470 e 1520, o absentismo das elites civís e eclesiásticas de nación galega, estimulado polo poder real e en xeral aceptado de bo grado por elas, deixou o

gobierno do reino nos séculos XVI, XVII e XVIII (gobernador e capitán xeneral, arcebispos e bispos das dioceses, maxistrados da Real Audiencia, priores de mosteiros...) frecuentemente en mans de persoas foráneas que chegaron acó rodeadas de séquitos de familiares, amigos e servidores. A aristocracia galega fíxose entón cortesá ou accedeu ao desempeño de lucrativos cargos civís ou eclesiásticos en diversos destinos peninsulares e extrapeninsulares, o que non tardaría en propiciar a súa desgaleguización idiomática, sen dúbida máis lenta e máis tardía nos seus niveis menos elevados e entre aqueles que permaneceron en Galicia ou mantiveron o contacto con ela. A isto apunta a documentación enviada ao señor de Gondomar entre finais do XVI e principios do XVII, entre a que, como se sabe, se encontran cartas escritas parcial ou case totalmente en galego e cartas en castelán con distintas doses de transferencia de elementos lingüísticos galegos (cf. Álvarez / Rodríguez Montederramo 2004/2005).

Pola súa parte, a nobreza menor debeu de manter o galego como lingua familiar durante moito tempo. Probablemente, esta permanencia foi máis prolongada no caso daqueles fidalgos máis vinculados á vida rural e á atención das propiedades e rendas agrarias das que dimanaba a súa riqueza. En 1723 Plácido Feijoo, irmán do padre Feijoo e membro dunha familia fidalga asentada no pazo de Casdemiro (Pereiro de Aguiar), declaraba explicitamente nunha glosa poética que el se criara na lingua galega e aínda engadía que tanto súa nai coma unha súa tía puxeran empeño en que a usara para compoñer aquel poema que ía publicar en Madrid (Feijoo y Montenegro 1723). Arredor de 1740, mais nunha obra que só se daría ao prelo postumamente, o beneditino Martín Sarmiento (1775: 119) fixo esta inequívoca afirmación: «Los Gallegos de hoy tienen su propio dialecto, diferente del Castellano. Háblanle todos, así señores, como rústicos». Que o galego estaba daquela na boca de todos, señores e rústicos, parece indicalo tamén o coñecido feito de que frei Martín o tivese como primeira lingua aprendida e a noticia de que a súa cuñada, Magdalena García de Ogando, o utilizase para lle escribir polo menos unha carta que podemos datar por volta de 1755 (cf. Mariño Paz 2014).

Polo que atinxe ao moi maioritario pobo común, coido que non contaría nin con motivacións que puidesen alentalo a aprender e empregar asiduamente o castelán nin con medios que puidesen permitirlle esa aprendizaxe. Nun tempo en que a mobilidade social ascendente era case nula e en que as vidas de moitos

transcorrerían no ámbito dos eidos natis ou dalgunha outra comarca galega onde desenvolverían as mesmas actividades agrarias, pesqueiras ou artesanais que xa desenvolveran os seus antepasados, adquirir competencia na lingua da corte sería unha quimera que case ninguén sentiría como auténtica necesidade. Por outra parte, só as contadas persoas que entón accedían á instrución escolar terían ao seu alcance medios para aprenderen con certa corrección o castelán, se ben é certo que a mobilidade xeográfica dos mozos recrutados para a milicia, dos emigrantes temporeiros e dalgúns outros individuos propiciarían entre eles un certo dominio oral da lingua alta.

En todo caso, a capacidade para falar con soltura o castelán estaría aínda reservada en Galicia a grupos sociais eminentes e pouco numerosos, o que explica que na documentación xudicial da época os campesiños adoiten aparecer declarando coa colaboración dun intermediario que os traduce e que estes intermediarios acabasen converténdose en figuras indispensables por seren axentes capaces de establecer a necesaria conexión entre a curia castelanófona e o pobo iletrado galegofalante (cf. Saavedra 1991: 428; 1997). Cadra perfectamente con isto unha afirmación que en 1800 facía o xesuíta Francisco de Masdeu en relación co desexo que a monarquía tiña entón de que se estendese o coñecemento do idioma castelán: «Lo que ha querido, y quiere el Ministerio no es que las Provincias olviden sus Lenguas, sino que *sepan, y entiendan* la de la Corte» (Masdeu 1800: 333-334; as itálicas son miñas). O que estes datos e estas palabras dan a entender é que tanto en Galicia coma noutras terras do reino de España a competencia para falar e mesmo para entender a lingua da corte non estaría daquela ao alcance de moitas persoas, o que quere dicir que a coñecida disposición da Real Cédula de Aranjuez de 1768 («Que en todo el reino se actúe y enseñe en lengua castellana») non puidera producir aínda efectos apreciables, sen dúbida porque a inmensa maioría dos rapaces seguía sen acudir entón a ningún centro escolar.

Por conseguinte, aínda que a situación de contacto galego-castelán que se creara desde o treito final da Idade Media tivo que ir xerando sen moita dilación variedades de galego castelanizadas, unha transferencia xeneralizada e de grande magnitude de trazos e unidades do castelán para o galego non foi posible aínda entre o XVI e o XVIII porque non se daba daquela o estendido bilingüismo social que sería preciso para que isto se producise. Por esta razón, neste período a castelanización do galego só alcanzaría proporcións de certa importancia entre as

xentes vilegas e urbanas de condición nobre ou acomodada e adornadas dalgún verniz cultural, mentres que sería leve na fala dos moi maioritarios rústicos e iletrados. Así o dicía nunha obra manuscrita de entre o XVII e o XVIII o xesuíta Juan Álvarez Sotelo (1648-1712):

[A lingua galega non se conserva] pura sinó entre los Plebeyos que nunca salieron del ambito de su Aldea, ni leyeron libros Españoles, porque los nobles hablan la Castellana, como predominante en España, i los que salieron de Galicia, ô saven leér, mezclan vocablos Castellanos, i estragan la pronunciacion Gallega (Álvarez Sotelo ca. 1700: 26a).

Obviamente, naquel tempo os “Plebeyos que nunca salieron del ambito de su Aldea, ni leyeron libros Españoles” formaban unha nutridísima lexión, os nobres eran moi poucos e os “que salieron de Galicia, ô saven leér” aínda non conformaban un grupo numeroso.

O castelán, por tanto, sería no século XVIII sobre todo a lingua das elites urbanas e vilegas, que gozarían de particular relevancia nunha cidade como A Coruña, capital da Galicia do Antigo Réxime na que se asentaran non poucos burócratas, militares e comerciantes, moitos deles foráneos. Sobre ela escribía o seguinte o padre Sarmiento por volta de 1760:

¿Quien persuadirá a los labradores gallegos que les será útil una Academia de Agricultura fundada en el lugar más arenoso y estéril de Galicia, cual es La Coruña, y en donde los más de los habitantes son hombres de pleitos y de pluma, o son de espada y milicia, o son de bolsa y comercio, o son una tropa de extranjeros advenedizos, que no saben una palabra ni un verbo de la lengua gallega, tan precisa para hablar con los labradores gallegos puros? (Sarmiento ca. 1760: f. 220r e v, nº 5.685).

No Ferrol convertido en capital do Departamento Marítimo do Norte en 1726 e inmerso nunha vertixinosa expansión durante a segunda metade do século XVIII tivo que se producir unha rápida proliferación das interaccións entre individuos galegofalantes, naturais da vila ou provenientes doutras terras de Galicia, e usuarios doutras linguas, nomeadamente o castelán. Esta situación traducíuse, con certeza, no aumento das transferencias de unidades e construcións entre unha lingua e mais a outra, é dicir, na floración de variedades interferidas do galego e do castelán. A ela alude o narrador do romance da Urca de Santo Antón (1777) cando se refire a aqueles que, coma el mesmo, tentaban falar en

castelán no Ferrol do seu tempo sen teren aínda destreza abonda para o faceren con corrección:

Por acá conozo moytos  
que queren facer ó mesmo [falar en castelán]  
é fán un misto de lenjuas  
que causa gran risa ohílos

(in Mariño Paz / Sánchez Yáñez / Suárez Vázquez 2012: 23, vs. 25-28)

Ao final deste século, en 1794, o beneditino Sobreira (1974: 223) deixaba un testemuño parecido a este pero referido a Ribadavia e mais a Ourense: «Ultimamente suena en Ribadavia un aire de loquela latino-castellana que se conoce haberle entrado por la parte de oriente y países de Orense».

En definitiva, creo que os círculos en que se dese un bilingüismo diglósico capaz de crear innovacións castelanizantes só creceron nesta época moi moderadamente (elites locais, emigrantes temporeiros, soldados...). Así mesmo, só moderadamente se fortaleceron as vías capaces de difundilos (os intermediarios entre o pobo e a administración, os emigrantes temporeiros retornados, a escola só para minorías...). Xa que logo, coido que o máis sensato é pensar que unha pesada influencia castelanizante sobre os subsistemas fonolóxico e gramatical do galego só se puido dar entón nas moi minoritarias variedades diastráticas máis fondamente interferidas polo idioma dominante, de modo que, como xa advertiu Recalde (2002/2003), o marco sociolingüístico que cabe reconstruír para a época da xeración e a primeira difusión da gheada non cadra ben coa hipótese de que esta innovación se orixinou como consecuencia da transferencia do fone-ma castelán /x/ ao galego da gran maioría da poboación. Polo contrario, certas unidades léxicas castelás moi vinculadas coas institucións e actividades en que a castelanización foi máis temperá (a relixión, o mundo xurídico e administrativo, a escola...) deberon de empezar a circular con fluidez desde moi antigo, e por iso nos textos desta época ou nos primeiros do XIX se len xa con frecuencia voces como *capilla*, *cartilla*, *deuda*, *dios*, *escribano*, *limosna*...

En sentido inverso, a xeración de variedades do castelán con transferencia de trazos fonolóxicos e gramaticais galegos só sería posible na boca dos aínda poucos galegos que falaban con certa frecuencia na lingua da corte. A unha destas transferencias gramaticais referiuse a mediados do XVIII o padre Sarmiento:

*Segàran por habían segado.* Es hoy característico de los gallegos esta *transposición de tiempos* [...]. Los gallegos que afectan hablar castellano pecan en eso: oí, v.g.: ‘*que viniera Pedro*’ por ‘*que había venido Pedro*’ (Sarmiento 1970: 376).

## 5. O CAMBIO INDUCIDO POR CONTACTO CASTELANIZANTE NO GALEGO CONTEMPORÁNEO (SÉCULOS XIX-XXI)

A notable estabilidade social e demográfica da Galicia do Antigo Réxime foi quebrando coa apertura e instauración desta nova fase histórica, con avance lento das novas estruturas sociais, económicas e políticas durante o século XIX e cunha grande aceleración desde 1960, aproximadamente. A masiva emigración que drenou o excedente demográfico rural conducíndoo a cidades ou vilas de Galicia ou de fóra de Galicia e de España, a xeración da clase funcionarial propia do estado moderno, a universalización da educación elemental a través dun longo proceso que, iniciado en tempos de Isabel II, só alcanzou o conxunto da poboación escolarizable arredor de 1970, a abrupta desagrarización vivida nas últimas décadas e algúns outros procesos configuraron unha nova Galicia que en 2015 era radicalmente distinta da que fora cen anos antes (cf. Táboa 1).

	Agricultura e pesca	Industria e construción	Servizos
1900	85,9%	5,9%	8,2%
1960	67,8%	16,0%	16,2%
1976	47,8%	24,8%	27,4%
1999	18,6%	29,2%	52,2%
2015	6,4%	22,6%	71,0%

Táboa 1. Distribución por sectores da poboación activa galega desde 1900 ata 2015.  
Fontes: Villares (2004: 462) e Instituto Galego de Estatística (IGE)<sup>2</sup>

Loxicamente, a veloz terciarización da economía galega vivida a partir de 1960 acompañouse dun proceso tamén veloz de urbanización. Este agrandamento das nosas vilas e cidades, debido en gran medida á afluencia de abundantes excedentes demográficos provenientes do mundo rural, non produciu nelas un efecto

<sup>2</sup> Cf. Instituto Galego de Estatística (<<https://www.ige.eu/estatico/estat.jsp?ruta=html/gl/Operacions-Conxunturais/EPA.html>>) [Consulta: 27 de abril de 2015].

precisamente regaleguizador, senón que máis ben se converteu nun eficaz axente castelanizador para moitos dos individuos que viviron ese éxodo e, máis aínda, para os seus descendentes (cf. Rei-Doval 2007). As políticas públicas executadas durante o século XIX e os tres primeiros cuartos do XX non fixeron outra cousa que reforzar estas tendencias: alfabetización xeneralizada en castelán, medios de comunicación de masas só ou maioritariamente en castelán (desde principios do XIX a prensa escrita, desde os anos 1930 a radio, desde a década de 1950 a televisión), funcionamento da administración pública só en castelán... Neste escenario, o monolingüismo en galego caeu estrepitosamente entre as xeracións nadas en 1877 e 1974, ao tempo que progresaban o monolingüismo en castelán e, sobre todo, as condutas bilingües (cf. Fernández Rodríguez / Rodríguez Neira 1995: 51-52).

As entregas máis recentes do Mapa Sociolingüístico de Galicia mostran que as políticas lingüísticas que se desenvolveron desde a instauración da autonomía política ao abeiro da Constitución Española de 1978 produciron unha gran mellora das destrezas para ler e escribir en galego, mais seguían sen estar a reverter na primeira década do século XXI o retroceso global do seu emprego espontáneo en contextos informais, con apreciable aumento do monolingüismo en castelán e do bilingüismo con predominio do castelán e sen unha mellora determinante do prestixio social asociado ao idioma galego (cf. González González 2007, 2008, 2011).

Como resposta a esta dinámica castelanizante de contundencia crecente, o galeguismo, na súa condición de movemento de intervención social e política nacido arredor de 1840, veu promovendo desde entón actividades e medidas que puidesen deter o proceso de substitución lingüística. Esta estratexia pivotou sobre a loita pola conquista de prestixio para o galego, quer procurando o seu uso para todas as funcións de carácter formal, quer traballando pola elaboración dunha variedade literaria ou estándar que tivo no purismo descastelanizador, máis ou menos acertado, un dos seus principios constitutivos básicos.

Esta rápida e radical transformación non puido deixar de causar grandes mudanzas nas que durante séculos foran as pautas máis xeneralizadas da conduta lingüística en Galicia. De forma sintética, enunció a seguir as que me parecen máis relevantes:

1. O grande aumento do coñecemento e do uso habitual do castelán, o rápido descenso do monolingüismo en galego e a extensión das condutas bilingües implica que na Galicia dos nosos tempos sexan moi numerosas as persoas que a diario emiten e/ou reciben mensaxes en galego e mais en castelán. Este caldo de cultivo está a propiciar en galego a xeración de innovacións causadas por transferencia de trazos do castelán.
2. Duns anos para acó, aumentou moito na nosa lingua a variación social e fíxose moito máis complexa a tipoloxía sociolóxica dos seus falantes. Na actualidade adóitase distinguir tres grandes sociolectos (galego popular, galego estándar e novo galego urbano), con modalidades de transición que contribúen a configurar un continuo sociolectal anteriormente inexistente (cf. Regueira 1999, Fernández Rei 2003).
3. Desde que o galego se converteu en idioma cooficial en 1981, aumentou tamén a súa variación diafásica, de tal forma que hoxe se percibe unha notoria distancia entre o galego informal e o galego formal. As dificultades para alcanzar un rexistro de galego culto libre do asedio do castelán son hoxe patentes nunha institución como o Parlamento de Galicia (cf. Vázquez Somoza 2015).

Como consecuencia de todo o exposto anteriormente, o ritmo de creación e difusión social de innovacións lingüísticas acelerouse no idioma galego desde mediados do século XIX ata hoxe. Por unha parte, isto produciuse por unha clara tendencia a favorecer o préstamo castelanizante, especialmente en certas variedades sociais e contextuais e ademais en puntos do sistema en que este efecto denota contacto intenso (cf. McMahon 1994: 209-213): o inventario fonolóxico (incorporación da consoante fricativa velar xorda /x/ en certas variedades), a morfoloxía flexiva (*estos, canciones, saldrei...*), o sistema de oposicións temporais no verbo (*había falado*), a posición dos clíticos (*cho digo eu; porque dígocho eu*), a marcaxe de funcións sintácticas (*non viu ao neno*), o vocabulario básico (días da semana, partes do corpo, o escenario urbano), etc.; noutros casos, o que aconteceu foi que para certas variables se divulgaron as variantes coincidentes coas do castelán: entre *animás* e *animales* preponderou a segunda, entre *cantabamos* e *cantábamos* estendeuse moito *cantábamos*, etc. Ora ben, tamén é certo que a resposta purista, descastelanizadora e estandarizadora do galeguismo parece estar

a favorecer nos nosos días o progreso de certas innovacións que se van irradiando desde arriba e que van entrando no repertorio de falantes que as empregan mesmo nos estilos coloquiais (*animais* en vez de *animales*, *isto* en lugar de *esto*, *concello* e non *ayuntamiento* ou *axuntamiento*...).

Podemos dicir, en definitiva, que de hai uns cen ou cento cincuenta anos para acó existe en Galicia un potente axente creador de innovacións lingüísticas: o contacto lingüístico galego-castelán, que vai gañando progresivamente en intensidade e vai producindo grupos sociais numerosos e crecentes que a miúdo se abren tamén a outros idiomas grazas aos medios de telecomunicación e a un gran aumento da mobilidade xeográfica e social dos individuos; a réplica purista e descastelanizante do galeguismo e das forzas estandarizadoras exerce aquí como contrapunto e achega un novo factor de complexización a estas dinámicas. Por outra parte, hoxe existen potentísimos axentes difusores das innovacións lingüísticas: os que foi proporcionando a revolución tecnolóxica, polo menos desde a aparición da radio en Galicia na década de 1930, que permiten contactos lingüísticos numerosos e a distancia; a facilidade con que nos nosos días se poden facer viaxes de todo tipo a lugares moi variados, próximos e distantes; e tamén, finalmente, os grandes núcleos de poboación da Galicia actual, nos que son constantes as interaccións entre galegofalantes e castelanfalantes e nos que abundan os individuos que son bilingües habituais, con maior predominio dun idioma ou do outro.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ, Rosario / Xosé Luís RODRÍGUEZ MONTEDERRAMO (2004/2005): «Escrita epistolar en galego: a correspondencia de Don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626)» (I), *Boletín da Real Academia Galega* 365, 253-291; e (II), *Boletín da Real Academia Galega* 366, 225-303.
- ÁLVAREZ SOTELO, Juan (ca. 1700): *Historia general del Reyno de Galicia*. Ms. 9-5521 da Real Academia de la Historia (Madrid).
- CHRISTY, T. Craig (1983): *Uniformitarianism in Linguistics*. Amsterdam and Philadelphia: John Benjamins. <<http://dx.doi.org/10.1075/sihols.31>>.
- DUBERT GARCÍA, Francisco (1999): *Aspectos do galego de Santiago de Compostela*. Anexo 44 de *Verba (Anuario Galego de Filoloxía)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- FEIJOO Y MONTENEGRO, Plácido (1723): «Escoyten que falo eu», en *Sagradas Flores del Parnaso, de la bien templada lyra de Apolo, que a la reverente catholica accion, de aver ido acompañando sus magestades al SSmo. Sacramento, que iba a darse por Viatico à una Enferma, el día 28 de noviembre de 1722, cantaron los mejores cisnes de España*. Madrid: Imprenta de Juan de Ariztia, 134.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (2003): «Dialectoloxía», *Gran Enciclopedia Galega*, 13, 243-250.

- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Mauro / Modesto RODRÍGUEZ NEIRA (coords.) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*. [A Coruña]: Real Academia Galega.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir.) (2007): *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume I. Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir.) (2008): *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume II. Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir.) (2011): *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004. Volume III. Actitudes lingüísticas en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.
- LORENZO, Ramón (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. [Vol. 1: *Introducción, texto anotado e índice onomástico*, 1975. Vol. 2: *Glosario*, 1977]. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- MAIA, Clarinda de Azevedo (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- MARIÑO PAZ, Ramón (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2003): *O idioma galego no limiar da súa renacemento. Estudo lingüístico de textos pregaleguistas*. Monografía 2 da *Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2008): *Historia de la lengua gallega*. München: Lincom.
- MARIÑO PAZ, Ramón (2014): «A carta en galego de Magdalena García de Ogando a Martín Sarmiento. Edición interpretativa e breve comentario lingüístico», *Madrygal (Revista de Estudios Gallegos)* 17, 67-79. <[http://dx.doi.org/10.5209/rev\\_madr.2014.v17.45739](http://dx.doi.org/10.5209/rev_madr.2014.v17.45739)>.
- MARIÑO PAZ, Ramón (no prelo): «Hipercorrección y castellanismo en las leyendas de las miniaturas de los códices T y F de las *Cantigas de Santa María*», *Estudis Romànics* 40.
- MARIÑO PAZ, Ramón / Margarita SÁNCHEZ YÁÑEZ / Damián SUÁREZ VÁZQUEZ (2012): *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII*. A Coruña: Fundación Barrié.
- MASDEU, Juan Francisco de (1800): «Discurso XXI. Reflexiones de D. Juan Francisco de Masdeu sobre unos Sueños Compostelanos intitulados Discursos», *El Catón Compostelano*. Santiago: En la Imprenta de la Heredera de Frayz, 321-336. Ed. facsímil: Xosé López García (coord.) (2000): *El Catón Compostelano*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- MCMAHON, April M. S. (1994): *Understanding Language Change*. Cambridge: Cambridge University Press. <<http://dx.doi.org/10.1017/cbo9781139166591>>.
- MONTEAGUDO, Henrique (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.
- MONTERO SANTALHA, José-Martinho (2000): «As leyendas das miniaturas das *Cantigas de Santa Maria* (códices T e F)», en José Luís Rodríguez (ed.): *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, II, 507-552.
- PENNY, Ralph (2004): *Variación y cambio en español*. Madrid: Gredos.
- RECALDE, Montserrat (2002/2003): «The Castilianist theory of the origin of the *gheada* revisited», *Estudios de Sociolingüística* 3, 2 (2002) / 4, 1 (2003), 43-74. <<http://dx.doi.org/10.1558/sols.v3i2.43>>.
- REGUEIRA, Xosé Luís (1999): «Estándar oral e variación social da lingua galega», en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (eds.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, I, 855-875.
- REI-DOVAL, Gabriel (2007): *A lingua galega na cidade no século XX. Unha aproximación sociolingüística*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

- RODRÍGUEZ, José Luís (1983): «Castelhanismos no galego-português de Afonso X, o Sábio». *Boletim de Filologia* 28, 7-19.
- SAAVEDRA, Pegerto (1991): *A Galicia do Antigo Réxime. Economía e sociedade*, en Francisco Rodríguez Iglesias (ed.): *Galicia. Historia*. Vol. III. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- SAAVEDRA, Pegerto (1997): «Poder e sociedade na Galicia do Padre Sarmiento», en *Actas do Congreso Internacional do Tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995): O Padre Sarmiento e o seu tempo (Santiago de Compostela, 29 de maio – 3 de xuño de 1995)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 1, 73-90.
- SARMIENTO, Fray Martín (ca. 1760): *Obras del P. F. Martín Sarmiento del Orden de San Benito*. Tomo 16. Parte 2ª. Ms. 20394 da Biblioteca Nacional de España (Madrid).
- SARMIENTO, Fray Martín (1775): *Obras póstumas del Rmo. P. M. Fr. Martín Sarmiento. Tomo primero. Memorias para la Historia de la Poesía y Poetas Españoles*. Dadas a luz por el Monasterio de S. Martín de Madrid y dedicadas al Excmo. Sr. Duque de Medina-Sidonia. Madrid: Joachim Ibarra.
- SARMIENTO, Fray Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- SOBREIRA, Fray Juan (1974): «Ensayo para la historia general botánica de Galicia», en José Luis Pensado: *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia, 221-267.
- VÁZQUEZ SOMOZA, Xosé Luís (2015): *A lingua no Parlamento de Galicia*. Tese de doutoramento (inédita). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- VILLARES, Ramón (2004): *Historia de Galicia*. Vigo: Galaxia.